

NOTA TÉCNICA SOBRE O IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS.

O Real Decreto-Lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras medidas de carácter económico estableceu para os exercicios 2015 e 2016 as retencións a aplicar. A Axencia Tributaria ven de confirmar as mesmas porcentaxes para 2017.

ESTABLECE para o ano **2017** as seguintes Retencións e Ingresos a conta do IRPF:

CLASE DE RENTA	PROCEDENCIA	TIPO APLICABLE PARA O 2017
ACTIVIDADES PROFESIONAIS	CON CARÁCTER XERAL	15%
ACTIVIDADES PROFESIONAIS	PROFESIONAIS DE NOVO INICIO (no ano de inicio e nos dous seguintes)	7%
TRABALLO	PREMIOS LITERARIOS, ARTÍSTICOS OU CIENTÍFICOS NON EXENTOS	19%
TRABALLO	CURSOS, CONFERENCIAS, SEMINARIOS (art. 80,1,4º RIRPF e 101,3 LIRPF)	15%
TRABALLO	RÉXIME FISCAL ESPECIAL APLICABLE AOS TRABALLADORES DESPRAZADOS A TERRITORIO ESPAÑOL (art. 93,2f LIRPF)	24%
CAPITAL MOBILIARIO	Derivados da participación en fondos propios de entidades (art. 25,1 e 101,4 LIRPF, e 90 RIRPF)	19%

Para o pago de dereitos sobre propiedade industrial e intelectual para inventores sen vínculo laboral indicados na Instrución Xerencial do 23 de xaneiro de 2015, o tipo impositivo aplicable será do 19% para o ano 2017, de acordo co establecido para as rendas derivadas do capital mobiliario.

En Vigo, 28 de decembro de 2016

O xerente,



Asdo.: Manuel Fernández Jauregui

